

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión I**, relativa á supresión dos exames teóricos para a obtención do carné de conducir en diversas localidades.

Exposición de motivos

A veciñanza de Ferrolterra, como a de Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras e Foz perderá a partires do mes de agosto, segundo as comunicacións da Dirección Xeral de Tráfico (DXT), a capacidade de realizar nas súas localidades os exames teóricos para a obtención do carné de conducir.

As razóns esgrimidas polas autoridades son no mellor dos casos menores, sendo o trastorno e gastos maiores para a xente que terá que empregar tempo e diñeiro en se desprazar ás capitais provinciais para realizar unha proba teórica que dende hai moitos anos facíase nas súas localidades. Esgrímese a pseudo razón da centralización e a realización da proba nun ordenador. De momento, os exames prácticas mantéñense nesas localidades.

Ferrolterra suma ao redor dun milleiro de probas teóricas ao ano. Son moitas persoas as afectadas, tempo e diñeiro detraído nos desprazamentos, e todo a causa da peregrina centralización e a falla de equipos informáticos... no ano 2015.

O certo é que non se escoitou á Xunta sobre esta perda e gasto para a veciñanza. Sería ben escoitar a súa voz da man das demandas desa veciñanza.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a que se dirixa a DXT para suspender a previsión da eliminación das probas teóricas na cidade de Ferrol.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a colaborar coa DXT e os concellos afectados no proceso de informatización da proba teórica de maneira que desapareza o pretexto para privar a milleiros de persoas dese servizo.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a que demande do ministerio a apertura dunha oficina da DXT na cidade de Ferrol.

En Compostela, a 17 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/07/2015 10:54:26